



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONSORCIO DOS PEARES PARA A PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS Á ESTACIÓN DE FERROCARRIL E AMPLIACIÓN DO PASEO NA MARXE DEREITA DO RÍO MIÑO NOS PEARES

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel Ma Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Manuel Seoane Rodríguez, na súa condición de presidente do consorcio Local dos Peares e alcalde do concello da Peroxa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 10.1 dos estatutos do Consorcio Local dos Peares aprobados polo Decreto 178/1999, do 27 de maio, e modificados polo Decreto 163/2016, do 17 de novembro, para adaptalos á Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. O Consorcio dos Peares, integrado polo Xunta de Galicia, as deputacións provinciais de Lugo e Ourense e os municipios de Pantón e Carballo, da provincia de Lugo, e da Peroxa e Nogueira de Ramuín, da provincia de Ourense ten como finalidade articular a cooperación para acadar a efectividade na prestación dos servizos, na zona xeográfica coñecida como Os Peares.

A ampliación do paseo e a reparación das luminarias xa existentes realizarase na marxe dereita do río Miño e esquerda do Bubál e polo tanto nos termos municipais da Peroxa e Carballo.

A nova pavimentación da vía, polo seu mal estado, ata a estación de ferrocarril afecta exclusivamente ao concello da Peroxa.



Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Consorcio dos Peares trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

A nova pavimentación dos viais de acceso á estación de ferrocarril obxecto deste convenio é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Así mesmo a ampliación do paseo na marxe dereita do río e a súa iluminación porá a disposición dos cidadáns un espazo para que poidan desprazarse con seguridade nun entorno natural. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Consorcio dos Peares ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Consorcio dos Peares para a mellora e acondicionamento dos accesos á estación de FF.CC e a ampliación do paseo en Os Peares.

As actuacións a realizar céntranse nos seguintes ámbitos:

1.- Pavimentación do acceso á estación de ferrocarril.

Rexeneración do firme da estrada que une o centro de saúde dos Peares coa estación de ferrocarril, así como dos camiños que se atopan na súa contorna. Limpeza do pavimento asfáltico e nova pavimentación con mezcla bituminosa en quente de 5 cm de espesor.

2.- Ampliación do paseo na marxe dereita do río Miño.

Ampliación do paseo xa existente na marxe dereita do río Miño, nunha lonxitude de 256 m (Coordenadas inicio: X: 604.102 Y: 4.700.771, coordenadas fin: X: 603.967 Y: 4.700.558. A actuación comprende:

- Realizar movementos de terra para dotar dunha rasante uniforme, mantendo a tipoloxía do paseo existente formado por pavimento de formigón armado calado fabricado "in situ", con ocos no formigón recheos de terra e sementeira que permiten a drenaxe do paseo e que farán que apenas se aprecie o formigón.
- Ampliación do muro de mampostería sobre o que se asenta a plataforma do camiño.
- Protección do talude existente entre o muro e o paseo mediante a colocación dun manto de pedra granítica de tamaño irregular con formigón de base.

3.- Iluminación da ampliación do paseo na marxe dereita do río Miño . Realización das canalizacións e conducións necesarias, instalación de arquetas e columnas sobre base de formigón e luminarias led.

4.- Reparación de luminarias que na actualidade se atopan en estado deficiente tanto na marxe dereita do río Miño coma na marxe esquerda do río Búbal, así como a instalación no cadro eléctrico dun interruptor dixital horario con reloxo astronómico que permita un funcionamento óptimo do alumeado na marxe dereita do río Miño.



O orzamento de execución destas actuacións estímase en DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO MIL CEN EUROS (295.100,00 €), IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Consorcio dos Peares cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

O Consorcio dos Peares obrígase a:

1. Redactar o documento técnico necesario para a contratación das obras, que se  remitido á Axencia Galega de Infraestructuras para a súa conformidade.
2. Executar as obras obxecto deste convenio
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
4. Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.
5. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6- Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o consorcio asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestructuras. Tamén se compromete a



establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

7. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

9. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

10. O consorcio deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestructuras e Vivenda – Axencia Galega de Infraestructuras) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de **DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO MIL CEN EUROS (295.100,00 €)**, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestructuras para o ano 2018.



As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras terá unha repercusión directa no financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente no 2018.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Consorcio dos Peares xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde que exerza a presidencia, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.



- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2018. A data límite para a xustificación destes gastos é o 30.11.2018.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Consorcio dos Peares, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Consorcio dos Peares.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.



As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.



En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e financiará os gastos realizados dende a data de sinatura do convenio nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

O presidente do Consorcio dos Peares

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Manuel Seoane Rodríguez